

INFORMACIÓN SOBRE A SEF

I.- COMENTARIOS XERAIS

1.- Organización do rexistro SEF

A Sociedade Española de Fertilidade creou en 1993 un rexistro (Registro SEF) que recopila os datos máis importantes dos distintos tratamentos que se realizan nos centros de reprodución asistida en España. O rexistro amosa a actividade global das técnicas de reprodución asistida realizadas en España. No ano 2009 o Ministerio de Sanidade e Política Social considerou útil o rexistro SEF mentres se publica o Decreto que regulará o rexistro oficial de Técnicas de Reprodución Asistida. A partir deste ano os informes emitidos polo rexistro SEF serán globais, pero tamén personalizados para cada un dos centros.

A participación no rexistro SEF é voluntaria.

2.- Validez dos datos

A importancia e fiabilidade do Registro SEF ven avalada por:

- Este rexistro esta dirixido e regulado pola SEF, unha Sociedade Científica sen ánimo de lucro.
- Cada ano se monitorizan polo menos o 10% dos centros por unha empresa independente, comprobando que os datos aportados axústanse á realidade.

3.- Técnicas rexistradas

Recópanse os datos máis importantes dos diferentes tratamentos de reprodución asistida:

- Fecundación in Vitro (FIV) / inxección intracitoplásmica (ICSI).
- Ciclos de desconxelación de embrións.
- Ciclos con donación de óvulos.
- Inseminación Artificial con semen da parella (IAC).
- Inseminación Artificial con semen de Doante (IAD).
- Outras técnicas (Diagnóstico xenético preimplantacional, Maduración in vitro de ovocitos, Conxelación de ovocitos).

4. Datos principais analizados

Estes abarcan diferentes aspectos:

- Nivel de Actividade: número de ciclos, desconxelacións, puncións.
- Parámetros clínicos: Idade media das mulleres.
- Eficacia: Porcentaxe de embarazo.
- Calidade: Número de embrións transferidos.
- Seguridade e riscos: Embarazos múltiples